

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Expediente 2024/X999/000012. Anuncio exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga correspondente ao 1º trimestre de 2024

EDICTO

Exposición pública do Padrón das taxas polos Servizos de subministración de auga, conservación de contadores e canon da auga.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores e canon da auga correspondente ao 1º trimestre de 2024, o citado Padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Eduardo Blanco Amor, nº 3 baixo Fonte Díaz, 15822 Touro, en horario de 9:00 a 13:30 horas, os martes e venres, para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA Y DELFÍN, abertas ao público de 9:00 a 13:30 horas, os martes e os venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de xullo de 2024 as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Touro, 15 de abril de 2024

O alcalde,

Asdo.: Roberto Castro Rocamonde.

2024/2544